CIENCIAS SOCIAIS: O aire e a auga (unidade 3).

1) Coloca as cinco capas da atmosfera no lugar que lle corresponde.

Troposfera

Estratosfera

Mesosfera

Termosfera



2) Di se as seguintes afirmacións sobre a atmosfera son verdadeiras ou falsas:

a. A atmosfera é a capa de auga que rodea a Terra.

b. A atmosfera está composta por varios gases e os máis importantes son o nitróxeno e o ozono.

c. A atmosfera tamén contén o osíxeno e o dióxido de carbono, que necesitamos os seres vivos para vivir.

d. A atmosfera regula a temperatura da Terra, evitando que faga moito calor en verán e moito frío en inverno.

e. Contaminamos o aire atmosférico cando en vez de ir en coche vamos a pé.

3) Completa estas frases:

a. O conxunto de toda a auga que hai na Terra chamámoslle ……

b. A auga que hai no planeta pode ser …… ou ……

c. A auga salgada que hai na Terra atópase nos …… e nos ……

d. A auga doce da Terra atópase sobre todo nos ……, nos …… e nos ……

ríos **lagos** **salgada** **mares**

acuíferos **hidrosfera** **doce** **océanos**

4) Indica en que estado está a auga que aparece nestas imaxes:

5) Une con frechas os distintos cambios de estado da auga coa súa definición:

a. Vaporización:	· O paso de auga sólida a auga líquida.
b. Solidificación:	· O paso de vapor de auga a auga líquida.
c. Fusión:	· O paso de auga líquida a vapor de auga.
d. Condensación:	· O paso de auga líquida a sólida.

6) Escolle a opción correcta:

· Cando pomos auga nun cazo e o deixamos ao lume prodúcese .....

· Cando a auga das nubes cae en forma de sarabia temos un exemplo de .....

· A auga da roupa tendida evapora pola calor do Sol dáse a .....

· Cando tardamos en comer o noso xeado prodúcese a .....

· Cando nos duchamos e o espello do baño está cheo de pequenas pingas de auga estamos diante dun exemplo de .....

7) Coloca as palabras subliñadas no lugar que lle corresponde:



· **Infiltración**: unha parte desa auga infiltrase no solo e forma as augas subterráneas.

· **Precipitación**: dáse cando a auga das nubes cae a terra en forma de chuvia, neve ou sarabia.

· **Nubes**: esas pequenas pingas agrúpanse formando as nubes.

· **Vaporización**: a auga da superficie da Terra evapórase coa calor do Sol.

· **Condensación**: O vapor de auga arrefría en forma de pequenas pingas.

EL CICLO DEL AGUA

Es el recorrido que hace el agua en la naturaleza.

① El Sol calienta el agua del mar, de los ríos... y el agua se evapora.

② Las gotitas de vapor de agua forman las nubes.

③ El agua de las nubes. cae de nuevo a la Tierra en forma líquida (la lluvia) o sólida, si hace mucho frío (nieve o granizo).

④ El agua vuelve a los ríos, lagos, mares y océanos.